



LETRAS GALEGAS 2008

Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 1915 -Vigo, 1985). Estudou magisterio en Pontevedra e traballou de mestre en Galicia e Zamora, a onde foi desterrado pola súa actividade política e foi profesor de instituto en Vigo. Aos dezasete anos, publicou o seu primeiro libro de poemas en castelán *Abril* e fundou a revista literaria *Cristal*. No ano 1936, ingresou no Partido galeguista e comeza *Filosofía e Letras*, que non pode continuar polo comezo da guerra civil.

Ao remate da guerra, comeza a traballar en defensa da lingua e a cultura galega, ingresando, dez anos despois, na Real Academia galega, na Coruña.

A súa obra abrangue a poesía, a novela e o teatro; investigou a literatura galega, o folclore, a arqueoloxía e a historia. Fillo de Darío Álvarez Limeses, militou na Federación de Mocidades Galeguistas e no Partido Galeguista.

Membro da Real Academia Galega e Cronista Oficial da cidade de Vigo, cofundou a editorial Monterrey en 1950, que refundou en 1964 como Edicións Castrelos.



Os seus poemarios máis destacados son *Poemas de ti e de min* (1949), escrito co seu irmán Emilio;



Roseira do teu mencer

O libro "Roseira do teu mencer" é un libro de poesía dedicado á súa filla pequena María Luísa, á que familiarmente se refería como "Colorín" por ser "coloradota como unha mazá". Os poemas deste libro inclúen cantigas de berce como esta, musicada polo mestre José Luís Loureiro Durán:

Durme neniña, durme, meu ben;
túa nai ten sono, teu pai tamén.
Non penses máis no cabalo

que andaba a fuxir do dono;
¡mira eses cen cabaliños
que acarrexan o teu sono

Roseira do teu mencer (1950, Xerais 1992, 2008), *Romance do pescador peleriño* (1954); *Cancioneiro de Monfero* (s. XIII) (1953), e *Canle segredo* (1954), un libro máis intimista. Xerais xa publicara a súa poesía galega completa en 1987, reeditándoa e ampliándoa, en edición de Xabier R. Baixeras, en 2008, con motivo da homenaxe nacional do 17 de maio.

BAIÓN

Torno a ti, meu Baión, terra louvada,
terra do corazón, amante miña,
onde os meus pais me diron ista anguria
de estar morrendo arreo pola terra.

Cando xa non coidei que máis te vise,
torno pra adormentarme no teu colo,
pra me quencer na morna terra túa
por onde van as ves do meu soño. “ Canle Segredo “

Este libro de poemas foi publicado por Edicións Castrelos no ano 1976 e está dedicado a María Luísa, muller do poeta. O libro foi galardonado co premio «Pondal», do Centro Galego de Bos Aires, pero non se chegou a publicar até vinte anos despois por Edicións Castrelos, propiedade de Xosé María.

Cancioeiro de Monfero


Este conxunto de oito cantigas da autoría de Xosé María imitan a lingua e os recursos dos autores galego-portugueses. Algún investigador mesmo chegou a crer que estas cantigas pertencían a un auténtico trobeiro do século XIII.

Anónimo

*Desde vos vi en cas d'El Rei,
señor, mesquiño quedei,
e agora vivo coitado
como home desconortado
con grande amor que vos ei.*

*Con grande amor que [vos ei,
señor, mesquiño [quedei]
e non me val ja conorte
se non vós, que soys mía morte
desde vos vi en cas d'El Rei*

No ámbito da narrativa cabe citar *Os ruíns* (1936) e *A pega rabilonga e outras historias de tesouros* (1971); e como autor teatral publicou *O zapato do cristal*, que foi escenificado en Vigo o 2 de xaneiro de 1947, ou *Os pazos altivos*, unha comedia en tres actos en verso. Xerais publicará na primavera de 2008 *A cidade e os días. Calendario histórico de Vigo* (1959), a súa monumental obra sobre a historia viguesa.



A pega rabilonga

«**A pega rabilonga e outras historias de tesouros**», un conxunto de cinco relatos breves, foi publicado no ano 1971 por Edicións Castrelos, dentro da súa colección O Moucho.

Todos os relatos xiran ao redor dalgún tesouro e cada un deles está dedicado a un amigo do autor.

Aida García e Eva Fernández 6ºA